**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADO O DEZASETE DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE.**

ASISTENTES:
Presidente:
D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:
Dª Raquel Caruncho Corral
D. José Simoes Couceiro
Dª Yolanda Vázquez Busto
Dª Ángela Piñeiro Carrera
D. Daniel Ríos Fernández
D. Joshua Dopico López
Dª. Manuela García Fachal
Dª Alejandra Bellón Tenreiro
D. Santiago José Rodríguez Piñeiro
D. Luís Ángel Díaz González.
Dª Rocío Souto Torre
D. Luis Pena Mosquera
Dª. Mª Rocío Souto Torre

A Secretaria:
Dna. Marta Cajide Barbeito.

A Interventora
Dna. Lucía Varela

Esta sesión foi celebrada con formato telemático polo sistema de Hangouts Meet, sendo as doce horas e oito minutos do día dezasete de abril de dous mil vinte, xúntanse en sesión extraordinaria do Pleno, primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membro d relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria e a Interventora Municipais.

A Presidencia abre a sesión, sendo as 12,08 horas, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

**1.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 7, EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚMERO 1, FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**"PROPOSTA DE ACORDO**
**MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 7. EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚMERO 1, FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.**

*(Expediente TEDeC: 2020/T002/000007- 2020/G006/000034)*

Tendo en conta as circunstancias excepcionais derivadas da declaración do estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, actualmente prorrogado ata o 26 de abril, priorizando a dinamización da economía na medida do posible e desta forma intentar paliar, dentro das posibilidades económicas do Concello, os efectos económicos



FIRMADO POR Marta Cajide Barbeito (FECHA: 19/06/2020 13:16:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 19/06/2020 13:41:00)
Versión imprimible
CVD: olzerVfvHFm4XVzEaZuX
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

derivados para moitas empresas, traballadores e autónomos pola paralización dos traballos e peche de negocios,

De conformidade co previsto nos artigos 82.3.e 97.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en relación coa modificación de crédito número 7/2020 na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito, co fin de incluílo na Orde do Día da próxima sesión plenaria que se convoque,

Visto o expediente tramitado que consta de Providencia da Alcaldía, Memoria da Alcaldía e os informes de Intervención de referencia 76 e 77/2020, asinados dixitalmente o 14 de abril de 2020

Visto que da liquidación do orzamento de 2019, aprobada mediante Resolución da Alcaldía número 130/2020, de 24/02/2020, resultou un superávit orzamentario de 628.611,71 euros, un remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado de 36.943,96 euros e para gastos xerais de 1.676.358,45 euros,

Visto que o destino do dito remanente vén regulado no artigo 32 da Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF), no que se establece a obrigatoriedade de destinar o superávit da liquidación a reducir endebedamento ou, alternativamente, aos destinos previstos na Disposición Adicional Sexta do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e sendo que este Concello non ten débeda con entidades financeiras,

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA**:

**PRIMEIRO**.- Que se habilite e aprobe unha modificación orzamentaria por importe total de 251.177,05 euros, de acordo co seguinte:

- Crédito extraordinario, por importe de 68.150,00 euros financiado co Remanente de tesourería para gastos xerais e cuxo desglose quedaría como segue:

| Aplicación Orz. | Proxecto de gasto | Denominación | Importe | Subconcepto |
|---|---|---|---|---|
| 450.62400 | 2020/4/LK/1 | Vehículo departamento obras | 18.150 | 87000 |
| 241.48003 | | Axudas COVID-2019 | 50.000 | 87000 |

- Suplemento de crédito por importe de 183.027,05 euros financiado co Remanente de tesourería para gastos xerais e cuxo desglose quedaría como segue:

| Aplicación Orz. | Proxecto de gasto | Denominación | Importe | Subconcepto |
|---|---|---|---|---|
| 342.60900 | 2018/4/LK/6 | Pistas pádel e baloncesto | 79.384,66 | 87000 |
| 161.61900 | 2020/4/LK/2 | Pavimentación e Renovación rede abastecemento Chapizo | 39.797,81 | 87000 |
| 161.61900 | 2020/4/LK/3 | Sustitución colector parque Vizús | 48.074,97 | 87000 |
| 1532.61900 | 2020/4/LK/4 | Reposición pavimento en Travesía Río Eume | 7.999,07 | 87000 |
| 1531.61900 | 2020/4/LK/5 | Aglomerado de conexión AC-144 con DP-6902 | 7.770,54 | 87000 |

**SEGUNDO**.- Que se continúe o procedemento regulado no artigo 177 do TRLFL en relación coa publicidade e entrada en vigor, considerando o interés xeral que se vai derivar da tramitación deste expediente toda vez que permitirá habilitar crédito para atender e paliar en parte o impacto económico negativo que está tendo para os autónomos e pequenas e medianas empresas o peche de negocios ou paralización dos seus traballos.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.
A Presidencia abre a quenda para o debate:
Por parte do Alcalde-Presidente explícase o contido da proposta da modificación de crédito extraordinario e suplemento, indicando que trátase dun crédito extraordinario para a adquisición dun vehículo para vías e obras, xa que o vehículo é antigo, o importe total é de 18.000,00 Euros, tamén hai outra partida por importe de 50.000,00 Euros destinada a subvencións para autónomos de actividades non esenciais que coma consecuencia tiveran cesada a súa actividade derivada da situación do COVID 19, tamén explícase o



FIRMADO POR Marta Cajide Barbeito (FECHA: 19/06/2020 13:16:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 19/06/2020 13:41:00)
Versión imprimible
CVD: olzerVfvHFm4XVzEaZuX
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

contido indicando que dita modificación tamén habilita crédito para a execución de varias obras, para ser contratadas con empresas do municipio coa finalidade de activar a economía local.

Tamén indica que con posterioridade se habilitarán máis partidas para unha segunda tanda de subvencións.

O voceiro do Partido Popular manifesta que o seu voto será favorable e que dende o seu grupo a proposta é que a línea de subvencións subvencione os conceptos de alugueiros, impostos municipais, gastos derivados das xestorías, etc.

O voceiro do BNG manifesta en primeiro lugar o seu agradecemento ao persoal que está traballando no Concello nesta situación e dá palabras de alento para os que perderon algún familiar.

Por outro lado, indica que non lles parece suficiente motivo para celebrar un Pleno extraordinario, de tódalas maneiras votaremos que sí.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO**.- Que se habilite e aprobe unha modificación orzamentaria por importe total de 251.177,05 euros, de acordo co seguinte:

- Crédito extraordinario, por importe de 68.150,00 euros financiado co Remanente de tesourería para gastos xerais e cuxo desglose quedaría como segue:

| Aplicación Orz. | Proxecto de gasto | Denominación | Importe | Subconcepto |
|---|---|---|---|---|
| 450.62400 | 2020/4/LK/1 | Vehículo departamento obras | 18.150 | 87000 |
| 241.48003 | | Axudas COVID-2019 | 50.000 | 87000 |

- Suplemento de crédito por importe de 183.027,05 euros financiado co Remanente de tesourería para gastos xerais e cuxo desglose quedaría como segue:

| Aplicación Orz. | Proxecto de gasto | Denominación | Importe | Subconcepto |
|---|---|---|---|---|
| 342.60900 | 2018/4/LK/6 | Pistas pádel e baloncesto | 79.384,66 | 87000 |
| 161.61900 | 2020/4/LK/2 | Pavimentación e Renovación rede abastecemento Chapizo | 39.797,81 | 87000 |
| 161.61900 | 2020/4/LK/3 | Sustitución colector parque Vizús | 48.074,97 | 87000 |
| 1532.61900 | 2020/4/LK/4 | Reposición pavimento en Travesía Río Eume | 7.999,07 | 87000 |
| 1531.61900 | 2020/4/LK/5 | Aglomerado de conexión AC-144 con DP-6902 | 7.770,54 | 87000 |

**SEGUNDO**.- Que se continúe o procedemento regulado no artigo 177 do TRLFL en relación coa publicidade e entrada en vigor, considerando o interés xeral que se vai derivar da tramitación deste expediente toda vez que permitirá habilitar crédito para atender e paliar en parte o impacto económico negativo que está tendo para os autónomos e pequenas e medianas empresas o peche de negocios ou paralización dos seus traballos.

**2. PROPOSTA DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS F/2020/6.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**“PROPOSTA DE ACORDO**
**RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO F/2020/6**

*(Expediente TEDeC: 2020/G006/000033)*

Logo de ver a Providencia da Alcaldía asinada dixitalmente o 13/04/2020 respecto das facturas incluídas na relación F/2020/6, incoando expediente para a súa aprobación.

Logo de ver o informe de reparo da Intervención municipal de referencia 75/2020, de asunto: “*Fiscalización de facturas Recoñecemento extraxudicial de créditos F/2020/6*” asinado dixitalmente o 13 de abril de 2020, que se xunta ao expediente.



FIRMADO POR Marta Cajide Barbeito (FECHA: 19/06/2020 13:16:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 19/06/2020 13:41:00)
Versión imprimible
CVD: olzerVfvHFm4XVzEaZuX
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Logo de ver que o dito informe se remite a informes anteriores reiterando o incumprimento dos límites do contrato menor e a necesidade de licitar contratos, incluíndo a Instrucción 1/2019 da Oficina Independente de Regulación e supervisión da contratación, en relación cos requisitos e documentación que deben reunir os contratos menores, debe sinalarse que na medida do posible se están incoando os procedementos necesarios para dar cumprimento á normativa de aplicación, se ben debe terse en conta a sobrecarga dos servizos, os cambios lexislativos que requiren formación e adaptación na forma de traballar aos novos requerimentos e obrigas legais e regulamentarias, a necesaria implantación e adecuación á administración electrónica, e fundamentalmente á falta de persoal para atender todas as tarefas encomendadas.

Proba destes avances foron as incorporacións de tres funcionarias interinas; e, no servizo de tesourería, tamén se procedeu á regularización do posto de tesourería e á súa cobertura por funcionaria con habilitación de carácter nacional, actualmente en comisión de servizos, o que repercutirá positivamente no traballo realizado e na tramitación de expedientes e liquidación de ingresos.

Sendo vontade deste goberno continuar dando pasos hacia o cumprimento de todas as carencias sinaladas, téndose aprobado unha modificación puntual da Relación de postos de traballo para dotar de persoal determinados servizos do concello de cara a dar cumprimento ás obrigas legais de tramitación electrónica e todas as novas funcións e mellora de procedementos a que veñen obrigando as numerosas leis que se veñen aprobando nos últimos tempos.

Igualmente se teñen introducido moitos cambios na tramitación administrativa sendo que xa dende 2019 a conformidade das facturas se está tramitando con sinatura dixital a través do aplicativo firmadoc e que tamén en 2019 implantouse tamén a tramitación electrónica das facturas mediante o xestor de expedientes TEDeC, que xa vén sendo utilizando de forma habitual para dar cumprimento ao sinalado na Lei 39/2015,

Tamén este goberno solicitou da Deputación provincial da Coruña asistencia para a prestación de determinados servizos xa que este Concello non ten medios suficientes para atender todas as obrigas legais, e, entre outras cousas, para acometer varias contratacións, de cara a ir regularizando as advertencias postas de manifesto nos informes de Intervención

Tendo en conta ademáis que os servizos facturados se teñen prestado e que os prezos se axustan a mercado e a contratacións similares, procede aboar o importe das facturas para evitar reclamacións xudiciais, e continuar dando cumprimento aos prazos legais para realizar o pagamento das facturas a provedores,

Tendo en conta a data do ano na que estamos e sendo fundamental aprobar as facturas pendentes contra o orzamento deste ano

Tendo en conta tamén as circunstancias excepcionais derivadas da declaración do estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, priorizando a tramitación e pagamento de facturas como medida para paliar na medida do posible os efectos económicos derivados para moitas empresas, traballadores e autónomos das medidas adoptadas

Esta Alcaldía-Presidencia propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.**- Solventar a discrepancia plantexada en atención a que os servizos foron efectivamente prestados e/ou os bens recibidos.

**SEGUNDO**.- Aprobar e recoñecer os seguintes gastos por un importe total de **28.667,52 euros**, correspondentes a traballos realizados e/ou bens recibidos en exercicios anteriores, pero cuxa factura achegouse neste exercicio 2020:

| NºEntrada | Data | Nº Doc. | Data doc. | Importe | Terceiro | Nome | Texto Explicativo | Progr. | Econ. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2020/12 | 10/01/2020 | T20169252 | 02/01/2020 | 900 | B15053317 | EUMEGAS S.L. | TRES ESTUFAS GAS EXTERIOR BUTSIR PIRAMIDAL INOX . | | |



FIRMADO POR Marta Cajide Barbeito (FECHA: 19/06/2020 13:16:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 19/06/2020 13:41:00)
Versión imprimible
CVD: olzerVfvHFm4XVzEaZuX
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2020/199 | 10/01/2020 | 1000004 | 09/01/2020 | 2007,72 | B15995988 | DISOMAIN, S.L.L. | 1 ORDENADOR PARA INTERVENCION E 1 ORDENADOR PARA ALCALDIA | | |
| F/2020/214 | 13/01/2020 | 00040004 | 13/01/2020 | 7260 | B70483748 | BIALBERO S.L. | POBOADO NADAL NOS XARDINS LOMBARDERO | 334 | 20800 |
| F/2020/242 | 14/02/2020 | 01/20 | 14/01/2020 | 260 | 32690110A | TENREIRO MARTINEZ MªANGELES | TALLER GUIRNALDA NADAL PARA 40 NENOS O 23 DE DECEMBRO | 334 | 22609 |
| F/2020/312 | 03/02/2020 | Emit-20001 | 31/01/2020 | 4235 | B70405378 | INGENIERIA CIVIL ARTABRA, S.A. | INFORME SOBRE APLICACION LIQUIDACIONS DO CONTRATO DE VIAQUA. | 161 | 22706 |
| F/2020/435 | 06/02/2020 | FE20137000384250 | 06/01/2020 | 157,09 | A65067332 | COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A. | E/E. AL. PUBL. AR. CUPS: ES0022000007126989CN1P. 01-12-2019 a 31-12-2019. | 165 | 22100 |
| F/2020/436 | 06/02/2020 | FE20137000385126 | 06/01/2020 | 62,51 | A65067332 | COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A. | E/E. AL. PUBL. LOURIDO. CUPS: ES0397000005802573TG1P. 01-12-2019 a 31-12-2019 | 165 | 22100 |
| F/2020/571 | 25/02/2020 | Emit-708 | 21/02/2020 | 16,4 | 32645215G | AMENEIRO ANCA MANUEL | MATERIAL FERRETERIA TALLERES NADAL D.ADX. | 334 | 22199 |
| F/2020/572 | 25/02/2020 | Emit-706 | 21/02/2020 | 42,5 | 32645215G | AMENEIRO ANCA MANUEL | MATERIAL FERRETERIA PARA DEPORTES. D.ADX. | 342 | 22199 |
| F/2020/573 | 25/02/2020 | Emit-704 | 21/02/2020 | 17,8 | 32645215G | AMENEIRO ANCA MANUEL | MATERIAL FERRETERIA PARA VIAS E OBRAS. NOVEMBRO 2019. D.ADX. | 450 | 22199 |
| F/2020/574 | 25/02/2020 | Emit-703 | 21/02/2020 | 350,13 | 32645215G | AMENEIRO ANCA MANUEL | MATERIAL FERRETERIA PARA COLEXIO COUCEIRO FREIJOMIL. DECEMBRO 2019. D.ADX. | 3231 | 22199 |
| F/2020/575 | 25/02/2020 | Emit-705 | 21/02/2020 | 39,6 | 32645215G | AMENEIRO ANCA MANUEL | MATERIAL FERRETERIA PARA ACTIVIDADES NADAL. D.ADX. | 334 | 22199 |
| F/2020/576 | 25/02/2020 | Emit-707 | 21/02/2020 | 33,9 | 32645215G | AMENEIRO ANCA MANUEL | MATERIAL FERRETERIA PARA FOREMDES, CEMITERIO E CONCELLO. NOV. DEC. 2019 E XANEIRO 2020. D.ADX. | | |
| F/2020/ | 26/02/2 | FE | 31/12/2 | 553, | B703425 | FERCOEUME | MATERIAL FERRETERIA | 450 | 2219 |



FIRMADO POR Marta Cajide Barbeito (FECHA: 19/06/2020 13:16:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 19/06/2020 13:41:00)
Versión imprimible
CVD: olzerVfvHFm4XVzEaZuX
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 579 | 020 | 190062<br>8 | 019 | 01 | 55 | SL | PARA VIAS E OBRAS, D.ADX. | | 9 |
| F/2020/<br>595 | 28/02/2<br>020 | AA20<br>000062 | 28/02/2<br>020 | 5420<br>,8 | B156770<br>24 | ELECTRICID<br>AD PERMUY,<br>S.L. | MANTEMENTO DO ALUMEADO PUBLICO DENDE O 16 AO 30 NOVEMBRO 2019 | 165 | 2271<br>0 |
| F/2020/<br>596 | 28/02/2<br>020 | AA20<br>000061 | 28/02/2<br>020 | 5783<br>,8 | B156770<br>24 | ELECTRICID<br>AD PERMUY,<br>S.L. | SERVIZO DE MANTEMENTO DO ALUMEADO PUBLICO DO 1 AO 15 NOVEMBRO 2019 | 165 | 2271<br>0 |
| F/2020/<br>663 | 05/03/2<br>020 | FE203<br>213213<br>54064 | 12/02/2<br>020 | 637,<br>26 | A084310<br>90 | GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A. | E/E. AL. PUBL. CABRIA NOVA. (25/11/2019 - 23/01/2020) -CUPS ES0022000009019863WD1P | 165 | 2210<br>0 |
| F/2020/<br>684 | 05/03/2<br>020 | F2019<br>42 | 19/12/2<br>019 | 200 | 3265647<br>6H | PEREZ LOPEZ JULIO | FLORES NATURAIS PARA IGREXA PARROQUIAL DE PONTEDEUME-SEMANA SANTA ANO 2016 (D. ADX.) | 334 | 2260<br>1 |
| F/2020/<br>685 | 05/03/2<br>020 | 2019<br>43 | 19/12/2<br>019 | 290 | 3265647<br>6H | PEREZ LOPEZ JULIO | FLORES NATURAIS IGREXA PARROQUIAL DE PONTEDEUME-SEMANA SANTA E I. VILLAR DIA HISPANIDADE 2017 (D. ADX.) | 334 | 2260<br>1 |
| F/2020/<br>686 | 05/03/2<br>020 | 2019<br>44 | 19/12/2<br>019 | 200 | 3265647<br>6H | PEREZ LOPEZ JULIO | FLORES NATURAIS PARA IGREXA PARROQUIAL DE PONTEDEUME-SEMANA SANTA ANO 2018 (D. ADX.) | 334 | 2260<br>1 |
| F/2020/<br>687 | 05/03/2<br>020 | 2019<br>45 | 19/12/2<br>019 | 200 | 3265647<br>6H | PEREZ LOPEZ JULIO | FLORES NATURAIS PARA IGREXA PARROQUIAL DE PONTEDEUME-SEMANA SANTA ANO 2019 (D. ADX.) | 334 | 2260<br>1 |

**TERCEIRO.-** Dar traslado a Intervención para que efectúe as anotacións contables que procedan.

A Presidencia abre a quenda para o debate:

O Alcalde-Presidente explica a proposta, indicando que se trata de servizos prestados ao longo do 2019, e que as facturas chegaron na anualidade 2020; indicar tamén que nesta situación fíxose un esforzo para pagar a maior parte das facturas que chegaron, e xa se levan pagados máis de 400.000,00 Euros.

O voceiro do Partido Popular indica que o seu voto será a abstención, xa que hai un reparo de intervención.

O voceiro do BNG indica que visto o informe de Intervención, sería imprudente pola nosa parte votar a favor, xa que non se trata dunha situación extraordinaria, se non repetida no tempo, polo que estamos na obriga de votar en contra.

En resposta o Alcalde-Presidente comenta que hai determinados gastos coma os de ferretería, que nos optamos polo contrato menor, hai outros contratos coma o de mantemento de alumeado público ou o suministro de enerxía eléctrica, que os pregos están redactados, pero hai que licítalos, o que non é posible



FIRMADO POR Marta Cajide Barbeito (FECHA: 19/06/2020 13:16:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 19/06/2020 13:41:00)
Versión imprimible
CVD: olzerVfvHFm4XVzEaZuX
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

por agora, deixando constancia de que está facendo todo o posible, xa que se están tramitando convenios de colaboración con outros Concellos para a procura de persoal con perfil técnico.

O voceiro do BNG indica que non estamos falando dos gastos de ferretería, se non dos grandes contratos, contratos que terían que estar feitos.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 10 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (9): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dª Raquel Caruncho Corral, Dª Yolanda Vázquez Busto, Dª Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, Dª. Manuela García Fachal e Dª Alejandra Bellón Tenreiro; e PP (1): Luis Angel Díaz González; **1 abstención** de D. Santiago José Rodríguez Piñeiro, do Grupo Municipal do PP; **e 2 votos en contra** do concelleiro e da concelleira do Grupo Municipal do **BNG:** D. Luis Pena Mosquera e Dª Rocío Souto Torre, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.**- Solventar a discrepancia plantexada en atención a que os servizos foron efectivamente prestados e/ou os bens recibidos.

**SEGUNDO**.- Aprobar e recoñecer os seguintes gastos por un importe total de **28.667,52 euros**, correspondentes a traballos realizados e/ou bens recibidos en exercicios anteriores, pero cuxa factura achegouse neste exercicio 2020:

| NºEntrada | Data | Nº Doc. | Data doc. | Importe | Terceiro | Nome | Texto Explicativo | Progr. | Econ. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2020/12 | 10/01/2020 | T20 169252 | 02/01/2020 | 900 | B15053317 | EUMEGAS S.L. | TRES ESTUFAS GAS EXTERIOR BUTSIR PIRAMIDAL INOX . | | |
| F/2020/199 | 10/01/2020 | 1 000004 | 09/01/2020 | 2007,72 | B15995988 | DISOMAIN, S.L.L. | 1 ORDENADOR PARA INTERVENCION E 1 ORDENADOR PARA ALCALDIA | | |
| F/2020/214 | 13/01/2020 | 0004 0004 | 13/01/2020 | 7260 | B70483748 | BIALBERO S.L. | POBOADO NADAL NOS XARDINS LOMBARDERO | 334 | 20800 |
| F/2020/242 | 14/02/2020 | 01/20 | 14/01/2020 | 260 | 32690110A | TENREIRO MARTINEZ MªANGELES | TALLER GUIRNALDA NADAL PARA 40 NENOS O 23 DE DECEMBRO | 334 | 22609 |
| F/2020/312 | 03/02/2020 | Emit-20001 | 31/01/2020 | 4235 | B70405378 | INGENIERIA CIVIL ARTABRA, S.A. | INFORME SOBRE APLICACION LIQUIDACIONS DO CONTRATO DE VIAQUA. | 161 | 22706 |
| F/2020/435 | 06/02/2020 | FE20137000384250 | 06/01/2020 | 157,09 | A65067332 | COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A. | E/E. AL. PUBL. AR. CUPS: ES0022000007126989CN1P. 01-12-2019 a 31-12-2019. | 165 | 22100 |
| F/2020/436 | 06/02/2020 | FE20137000385126 | 06/01/2020 | 62,51 | A65067332 | COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A. | E/E. AL. PUBL. LOURIDO. CUPS: ES0397000005802573TG1P. 01-12-2019 a 31-12-2019 | 165 | 22100 |
| F/2020/571 | 25/02/2020 | Emit-708 | 21/02/2020 | 16,4 | 32645215G | AMENEIRO ANCA | MATERIAL FERRETERIA | 334 | 22199 |



FIRMADO POR Marta Cajide Barbeito (FECHA: 19/06/2020 13:16:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 19/06/2020 13:41:00)
Versión imprimible
CVD: olzerVfvHFm4XVzEaZuX
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Marta Cajide Barbeito (FECHA: 19/06/2020 13:16:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 19/06/2020 13:41:00)
Versión imprimible
CVD: olzerVfvHFm4XVzEaZuX
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | MANUEL | TALLERES NADAL D.ADX. | | |
| F/2020/572 | 25/02/ 2020 | Emit- 706 | 21/02 /2020 | 42,5 | 3264521 5G | AMENEIRO ANCA MANUEL | MATERIAL FERRETERIA PARA DEPORTES. D.ADX. | 342 | 22199 |
| F/2020/573 | 25/02/ 2020 | Emit- 704 | 21/02 /2020 | 17,8 | 3264521 5G | AMENEIRO ANCA MANUEL | MATERIAL FERRETERIA PARA VIAS E OBRAS. NOVEMBRO 2019. D.ADX. | 450 | 22199 |
| F/2020/574 | 25/02/ 2020 | Emit- 703 | 21/02 /2020 | 350,13 | 3264521 5G | AMENEIRO ANCA MANUEL | MATERIAL FERRETERIA PARA COLEXIO COUCEIRO FREIJOMIL. DECEMBRO 2019. D.ADX. | 3231 | 22199 |
| F/2020/575 | 25/02/ 2020 | Emit- 705 | 21/02 /2020 | 39,6 | 3264521 5G | AMENEIRO ANCA MANUEL | MATERIAL FERRETERIA PARA ACTIVIDADES NADAL. D.ADX. | 334 | 22199 |
| F/2020/576 | 25/02/ 2020 | Emit- 707 | 21/02 /2020 | 33,9 | 3264521 5G | AMENEIRO ANCA MANUEL | MATERIAL FERRETERIA PARA FOREMDES, CEMITERIO E CONCELLO. NOV. DEC. 2019 E XANEIRO 2020. D.ADX. | | |
| F/2020/579 | 26/02/ 2020 | FE 1900628 | 31/12 /2019 | 553,01 | B703425 55 | FERCOEUME SL | MATERIAL FERRETERIA PARA VIAS E OBRAS, D.ADX. | 450 | 22199 |
| F/2020/595 | 28/02/ 2020 | AA20 000062 | 28/02 /2020 | 5420,8 | B156770 24 | ELECTRICID AD PERMUY, S.L. | MANTEMENTO DO ALUMEADO PUBLICO DENDE O 16 AO 30 NOVEMBRO 2019 | 165 | 22710 |
| F/2020/596 | 28/02/ 2020 | AA20 000061 | 28/02 /2020 | 5783,8 | B156770 24 | ELECTRICID AD PERMUY, S.L. | SERVIZO DE MANTEMENTO DO ALUMEADO PUBLICO DO 1 AO 15 NOVEMBRO 2019 | 165 | 22710 |
| F/2020/663 | 05/03/ 2020 | FE20321 3213540 64 | 12/02 /2020 | 637,26 | A084310 90 | GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A. | E/E. AL. PUBL. CABRIA NOVA. (25/11/2019 - 23/01/2020) -CUPS ES0022000009019863 WD1P | 165 | 22100 |
| F/2020/684 | 05/03/ 2020 | F2019 42 | 19/12 /2019 | 200 | 3265647 6H | PEREZ LOPEZ JULIO | FLORES NATURAIS PARA IGREXA PARROQUIAL DE PONTEDEUME- SEMANA SANTA ANO 2016 (D. ADX.) | 334 | 22601 |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2020/685 | 05/03/ 2020 | 2019 43 | 19/12 /2019 | 290 | 3265647 6H | PEREZ LOPEZ JULIO | FLORES NATURAIS IGREXA PARROQUIAL DE PONTEDEUME-SEMANA SANTA E I. VILLAR DIA HISPANIDADE 2017 (D. ADX.) | 334 | 22601 |
| F/2020/686 | 05/03/ 2020 | 2019 44 | 19/12 /2019 | 200 | 3265647 6H | PEREZ LOPEZ JULIO | FLORES NATURAIS PARA IGREXA PARROQUIAL DE PONTEDEUME-SEMANA SANTA ANO 2018 (D. ADX.) | 334 | 22601 |
| F/2020/687 | 05/03/ 2020 | 2019 45 | 19/12 /2019 | 200 | 3265647 6H | PEREZ LOPEZ JULIO | FLORES NATURAIS PARA IGREXA PARROQUIAL DE PONTEDEUME-SEMANA SANTA ANO 2019 (D. ADX.) | 334 | 22601 |

**TERCEIRO.-** Dar traslado a Intervención para que efectúe as anotacións contables que procedan.

Non habendo máis asuntos que tratar, o alcalde levanta a sesión, sendo as doce horas e trinta e sete minutos horas do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.

FIRMADO POR Marta Cajide Barbeito (FECHA: 19/06/2020 13:16:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 19/06/2020 13:41:00)
Versión imprimible
CVD: olzerVfvHFm4XVzEaZuX
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.